



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

### **Bases selección de persoal laboral temporal para a contratación de 1 conserxe**

Tendo en conta as necesidades do departamento de deportes do Concello, en particular a apertura e peche da piscina municipal considérase urxente a contratación dun conserxe para pavillón e piscina dentro das escolas municipais de deportes verán 2010.

Xustifícase a necesidade de cubrir as prazas por medio dun contrato temporal de obra ou servizo vinculado ás necesidades do servizo, por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para desenvolver as funcións e tarefas obxecto da contratación.

Para o presente proceso selectivo serán de aplicación las Bases xerais para a Selección de Persoal Laboral Temporal aprobadas polo Pleno municipal en sesión celebrada o un de agosto de 1998, coas seguintes características específicas:

1. Os principios de publicidade e concorrencia teranse por cumpridos mediante un anuncio dun periódico
2. Procedemento de selección : concurso de méritos.
3. Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ó artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por lei 7/2007 de 12 de abril (BOE número 89 do 13 de abril de 2007):
  - 1)
    - a. Ter a nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo seguinte.
    - b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
    - c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
    - d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nen encontrarse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nen ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público e Posuír a titulación esixida.
  - 2) As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais.



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ó disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

4. En caso de presentarse varios candidatos para o posto, será proposto polo tribunal e posteriormente nomeado polo alcalde, o candidato que obteña unha maior puntuación no concurso de méritos, de acordo cos méritos específicos descritos a continuación para o posto. Para estes efectos requiriráselles aos candidatos a acreditación da documentación orixinal ou fotocopia compulsada do requisitos necesarios ou dos méritos previstos para a súa praza. Os méritos alegados antes de que remate o prazo de solicitude e non xustificados documentalmente coa instancia non serán valorados, non sendo posible subsanar posteriormente a falta da correspondente documentación xustificativa.
5. A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación de orixinal ou fotocopia dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.
6. A realización de cursos, mediante orixinal ou fotocopia dos títulos ou certificados, nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.
7. A acreditación do tempo traballado, realizarase mediante certificado de empresa acreditativo ou fotocopia compulsada dos contratos de traballo e certificado ou informe de vida laboral da Seguridade Social ou no seu caso do colexio profesional que corresponda.
8. As instancias presentarase acompañadas do DNI. Así mesmo, presentarase a documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión, segundo o previsto nestas bases no apartado F.1) “Requisitos mínimos” e achegarase a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para a súa valoración.

Deberán presentarse no rexistro municipal en horario de 9.00 a 14.00 horas (sábados 10.00 a 12.00 horas), no prazo de 3 días hábiles que se contarán dende o día seguinte á da publicación do anuncio na prensa

Soamente será necesario presentar orixinal ou copia compulsada do DNI e da documentación relativa ós requisitos mínimos necesarios para a admisión dos/das candidatos/s . Respecto ós méritos alegados será suficiente presentar copia simple da documentación que os acredite, sen perxuízo de que o tribunal en calquera



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal ou compulsada se o considera oportuno.

En todo caso, ó final do proceso e antes do nomeamento do candidato comprobarase fehacientemente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada da mesma.

9. Finalizado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa causa de exclusión, abrindo un prazo de 3 días naturais para subsanar a/as causa/s da exclusión.

Rematado este prazo ( ou antes para o caso de que todos os candidatos subsanasen as deficiencias) publicarase no taboleiro de anuncios a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Para o caso de que resulten inicialmente admitidos todos os aspirantes, publicarase directamente a lista de aspirantes admitidos, que terá carácter definitivo e pasarase á fase de valoración do concurso.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (neste caso cando menos Celga 1 ou equivalente), os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. O tribunal convocará os aspirantes admitidos nestas circunstancias para a realización dunha proba ou exame oral ou escrito, que será cualificada como apto/a ou non apto/a e que se realizará antes da fase de valoración de méritos. No caso de ser cualificado/a como non apto/a xa non se valorarán os méritos.

10. O tribunal terá a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante:

Presidente.

Titular: María Isabel Rodríguez López

Suplente: Alberto Manteiga Diaz

Vogal 1.

Titular: Maria Belén Taboada Fiaño

Suplente: M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Villaverde

Vogal 2:

Titular: M<sup>a</sup> del Mar Carro López

Suplente: M<sup>a</sup> Jesús González Ulloa

Secretario:

Titular: José Antonio Varela Doval

Suplente: Nieves Fuentes Aradas



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

Poderanse nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o corresponde informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

11. Nomeamentos. Non se efectuarán nomeamentos ata que o candidato/a proposto polo tribunal, presente, no prazo de 3 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da acta do tribunal, a seguinte documentación:
  - Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
  - Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
  - Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve.
  - Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos e méritos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello, procederá, se o considera axeitado para atender as necesidades do servizo a substituíla polos seguintes candidatos da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal.

Do mesmo xeito se procederá para o caso de renuncia da persoa contratada.

12. En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ó servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local. Asemade, aplicarase, na medida que non contradiga a normativa anterior, as bases xerais aprobadas polo Concello de Abegondo e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* número 275, do luns, 30 de novembro de 1998.

## **PRAZAS OFERTADAS**

PROGRAMA DE “ CONSERXE PARA A PISCINA MUNICIPAL ”:

PRAZAS:

-1 conserxe



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

Contido: Apertura, peche e control do acceso as instalacións da piscina

A) N° prazas: 1 na totalidade do programa

B) PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: concurso de méritos.

C) FUNCIONS E TAREFAS OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

Realizarase un servizo consistente en apertura, peche e control do acceso as instalacións da piscina municipal de Abegondo.

D) RETRIBUCIÓNS BRUTAS MENSUAIS, TIPO DE CONTRATO E DURANCIÓN DO MESMO

Conserxe para pavillón e piscina dentro das escolas municipais de deportes verán 2010 , que terá a condición de persoal laboral temporal, conforme ás seguintes características:

Tipo de contrato: 501, coeficiente 0,500, pola campaña deportivas verán 2010

Grupo de cotización: 10

CNAE : 8411

Tipo de xornada: a tempo parcial, 17 horas a semana de 12 horas a 20 ½ os fines de semana, sabados e domingos

Duración do contrato: 15/07/10 a 30/09/10

Retribucións brutas mensuais: 214,28,00 euros mais 35,72 de prorrateo de pagas extra.

F) REQUISITOS MÍNIMOS:

f.1) TITULACIÓN MÍNIMA: Será necesario como requisito, que os candidatos saiban ler e escribir

f.2) COÑECEMENTO DE GALEGO:

Conforme establece o artigo único da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia , aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo (modifícase o artigo 35º do citado Decreto Legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia), nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar en posesión do **Celga 1 ou equivalente**.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida (celga 2 ou equivalente), os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. O tribunal convocará os aspirantes admitidos nestas circunstancias para a realización dunha **proba ou exame oral de galego** que se realizará antes da fase de valoración de méritos.



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

O tribunal, contará co asesoramento da normalizadora lingüística do Concello e calificará ó aspirante como apto/a ou non apto/a. No caso de ser calificado/a como non apto/a, xa non se valorarán os méritos.

#### H) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL. CONCURSO

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme ás seguintes consideracións ou puntuacións:

##### FORMACIÓN:

1. Cursos de formación ocupacional na mesma ocupación ou familia profesional (plan FIP, obradoiros de emprego, escolas obradoiro, programas europeos ou similares con máis de 100 horas de formación acreditadas: 0,50 puntos/curso (máximo deste subapartado: 1,50 punto.)

2. Outros cursos indirectamente relacionados co posto de traballo ou coa ocupación (máximo 1 punto).

-Cursos de duración superior a 30 horas: 0,20 pts/curso

-Outros cursos : 0,10 pts/curso

**A puntuación máxima acadable no apartado de formación será de 3,00pts.**

##### EXPERIENCIA PROFESIONAL:

-Experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza ou na mesma ou similar ocupación, nunha administración ou organismo público: 0,20 pts/mes. Máximo 10,00 pts.

-Experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza ou ocupación no ámbito da empresa privada : 0,05 pts/mes. Máximo 4,00 pts

Para o caso de que dous ou máis candidatos acaden a mesma puntuación TOTAL ou FINAL, prevalecerá aquel que obteña a maior puntuación no apartado de experiencia profesional na mesma ou similar ocupación, nunha administración ou organismo público.

Abegondo, 7 de xullo de 2010

O alcalde José Antonio Santiso Miramontes asdo.